

**Acta núm. 05/2026.  
Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local  
do 31 de marzo de 2026.**

**ASISTENTES:**  
Pablo Lago Sanmartín.  
Sandy Marie Cebral Gómez.  
María Rosa Romero Fariña.  
Carlos Noya Pereira.  
Non asiste:  
José Antonio Vidal González.

Na alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 14:00 horas do 31 de marzo de 2026, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2026, DO 17/03/2026.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRAS).
- 3º) COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE OBRAS.
- 4º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (ACTIVIDADE).
- 5º) COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULAR DE ACTIVIDADE).
- 6º) LICENZAS DE OBRA MENOR.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 04/2026, DO 17/03/2026.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 17.03.2026, acta núm. 04/2026.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS OBRAS.**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DAVID GÓMEZ ARCA, na que comunica que vai executar unha rampla de acceso ao longo de toda a fronte dunha parcela sita no lugar de San Salvador - Bastavales. A rampla terá unha profundidade de 2,50 m. e situarase a 4 m. do eixo do vial, conforme o alíñamento oficial establecido. Así mesmo, prevese a instalación dun tubo de formigón soterrado de 40 cm. de diámetro, co fin de dar continuidade á cuneta de recollida de augas pluviais.

A parcela (referencia catastral 7724120NH2472N0000WT) na que se van executar as obras atópase emprazada dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado, séndolle de aplicación a ordenanza UC-2.

A Xunta de Goberno Local, a vista do informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

- 1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A rampla deberá de afastarse como mínimo a 4 metros do eixo do camiño.
- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 19,80 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 84,37 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por ALBERTO SEAGE TOMÉ, na que comunica que vai executar un porche de 10 m<sup>2</sup>, anexo a vivenda unifamiliar sita en Gundín 27-Os Ánxeles. A actuación proxectada sitúase a máis de 3 metros dos lindeiros e contará cunha cuberta plana.

A edificación (referencia catastral 5342504NH2454S0001KJ) onde se pretenden executar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Os prazos para o inicio e final das obras amparadas nunha comunicación previa, non poderán exceder de tres meses e un ano respectivamente, segundo o establecido no artigo 363.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 104,40 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.
- Total: 168,97 euros.

### **TERCEIRO.- COMUNICACIÓN PREVIA DE INICIO DE OBRAS.**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Proyectopia S.L., que di actuar en representación de SYLVIE CARDENOSO TALAVERA e RAMÓN ANDRÉS QUESADA PLASENCIA, solicitando autorización para o inicio das obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Guisande 51 – Os Ánxeles.

Antecedentes:

Con data 03.03.2026 a Xunta de Goberno Local concede licenza a SYLVIE CARDENOSO TALAVERA e RAMÓN ANDRÉS QUESADA PLASENCIA, para a construción dunha vivenda unifamiliar en Guisande 51 – Os Ánxeles, segundo proxecto básico sen visar asinado polo arquitecto Victor Manuel Hermo Sánchez, con data 13.02.2026.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da presentación do proxecto de execución asinado polo arquitecto Victor Manuel Hermo Sánchez, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia con data 16.03.2026 (expte. 2601389) e documentación complementaria (oficio de dirección da obra, oficio de dirección da execución da obra e nomeamento do coordinador de seguridade e saúde), que desenvolve o proxecto básico que conta con licenza outorgada pola Xunta de Goberno Local de data 03.03.2026, e autorizar o inicio das obras.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

#### **CUARTO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (ACTIVIDADE).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por PAULA EITOR CASAL, na que comunica o inicio da actividade de academia de baile na Avda. de Noia 38 – baixo, local 3 - Os Ánxeles.

Antecedentes:

Con data 30.09.2025 a Xunta de Goberno Local autorizou as obras de acondicionamento do local sito na Avda de Noia 38 – Os Ánxeles, para desenvolver unha actividade docente (academia de baile), segundo o proxecto de obras menores para o acondicionamento de local e memoria de actividade, asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo en data 24.07.2025 e documentación anexa.

A Xunta de Goberno Local, á vista do certificado final de obra asinado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo con data 14.10.2025, e do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar a interesada para o exercicio da actividade de academia de baile na Avda. de Noia 38 – baixo, local 3 - Os Ánxeles, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Taxa de tramitación de licenzas actividade: 184,28 euros.

Total: 184,28 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Esteban Parra Ramos, que di actuar en representación de ESTACIONES DE SERVICIO MANZANEDA, S.A., na que comunica o inicio dunha actividade complementaria de bar, que se pretende implantar no edificio anexo á estación de servizo situada na Avenida de Noia nº 14 - Os Ánxeles, onde xa se atopa en funcionamento unha actividade de tenda.

Esta nova actividade segundo a memoria de actividade complementaria de bar asinada con data de 23.03.2026 polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansedo, non implica a realización de obras no local, nin tampouco a modificación da súa configuración actual. Tampouco afecta aos accesos nin aos dous aseos existentes, sobre os que non se prevé intervención algunha, manténdose ademais a mesma ocupación de persoas.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada e autorizar a entidade interesada para o exercicio da actividade complementaria de bar que se pretende implantar no edificio anexo á estación de servizo situada na Avenida de Noia nº 14- Os Ánxeles, onde xa se atopa en funcionamento unha actividade de tenda, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:  
.- Taxa de tramitación de licenzas actividade: 184,28 euros.  
Total: 184,28 euros.

#### **QUINTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (CAMBIO DE TITULAR DE ACTIVIDADE).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Rubén Varela Mato, que di actuar en representación de BAR ANCORA BRIÓN, S.L., na que comunica o cambio de titularidade da licenza de Café-Bar do local comercial situado na Avda. dos Ánxeles 41, baixo – Os Ánxeles. A devandita licenza de actividade foi concedida pola Comisión de Goberno en data 27.12.1991 a favor de Manuel Fernández Iglesias. Ultimamente a actividade viña desenvolvéndose a nome de José María Golán Freire, e agora solicítase a súa transmisión a favor de Bar Áncora Brión, S.L.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de Café-Bar do local comercial situado na Avda. dos Ánxeles 41, baixo – Os Ánxeles, a nome de BAR ANCORA BRIÓN, S.L., NIF B26624528.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

#### **SEXTO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFÓNICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para substituír tres postes de madeira por outros tantos en fibra, no marco dun tramo de tendido aéreo de aproximadamente 650 ml, que discorre sobre o vial municipal que conduce ao Concello de Rois, consonte co documento técnico asinado polo enxeñeiro de telecomunicacións Javier Ventura Renaudot con data 09.03.2026.

O citado tramo esténdese entre as inmediacións das parcelas de natureza urbana con referencias catastrais 7412601NH2471S0001MB e 7522915NH2475S0001XK, afectando maioritariamente a un ámbito clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación e, en menor medida, a un ámbito de solo rústico de protección agropecuaria (RC).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido polo arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por Ramón Rufián La Torre, que di actuar en representación de TELEFONICA DE ESPAÑA SAU, na que solicita licenza para substituír un poste de madeira por outro das mesmas características na Avenida dos Ánxeles, á altura do edificio número 43, consonte co documento técnico asinado polo enxeñeiro de telecomunicacións Javier Ventura Renaudot con data 18.03.2026.

Esta actuación afecta a un vial de titularidade municipal e emprázase dentro dun ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo urbano consolidado.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

**c)** Deuse conta dunha instancia presentada por Carlos Campos Sendón, que di actuar en representación de JOSÉ BARREIRO PADÍN, na que solicita licenza para reparar a cuberta dunha vivenda unifamiliar tradicional, cunha superficie total de 194,65 m<sup>2</sup>, que inclúe tamén o cuberto anexo, situada no lugar de Espiñeiros 2 - Luaña. As obras consonte coa memoria asinada en data de 14.03.2026 polo arquitecto Carlos Campos Sendón, teñen por obxecto o mantemento e mellora do seu estado de conservación, mediante a substitución integral da tella cerámica curva existente por outra de iguais características.

A edificación sobre que se pretende actuar (referencia catastral 9455503NH1495S0001AU) atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo de núcleo rural tradicional ou consolidado pola edificación da zona oeste, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 do PXOM.

Así mesmo figura integrada no Catálogo de Bens de Interese Cultural do PXOM, identificada coa clave LE2 (vivenda en Espiñeiros) e cun grao de protección ambiental.

De conformidade co establecido no artigo 39.1 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, a actuación proposta non require autorización previa en materia de patrimonio cultural, correspondendo ao concello a súa autorización conforme ao procedemento previsto no artigo 142.2.b da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable do arquitecto municipal, por unanimidade acorda:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- As obras deberán executarse consonte coa memoria asinada en data de 14.03.2026 polo arquitecto Carlos Campos Sendón.

- O prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses. Poderán concederse prórroga dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa, sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO) provisional: 207,89 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
Total: 272,46 euros.

#### **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 14,25 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González